

## XANEIRO

2

### XANEIRO **Tom Sawyer detective O Musical**

<b>Actividade</b>	MUSICAL INFANTIL
<b>Hora</b>	18h
<b>Lugar</b>	Sala Principal
<b>Público</b>	a partir 6 anos (menores de 2 anos e sen ocupar butaca gratuíto)
<b>Prezo</b>	a partir de 12€
<b>Duración</b>	75m
<b>Entradas</b>	<a href="http://www.ataquilla.com">www.ataquilla.com</a> , Sala de Exposicións Afundación e na billeteira do Auditorio dúas horas antes da función

#### **Sinopse**

Tom Sawyer e o seu amigo Huckleberry Finn vense implicados nun aparatoso caso con diamantes roubados, usurpación de identidades, asasinatos encubertos e falsas acusacións. Coa súa pericia conseguen resolver as leas e sentar as bases dunha sólida amizade.

Tom Sawyer detective recibiu o premio ao Mellor musical infantil dos Premios do Teatro Musical 2015 outorgados no Teatro Sanpol de Madrid.

#### **Elenco**

Marc Andurell, Marc Udina, Miquel Agell, Ferran Castells , Marc Vilavella, Georgina Llauradó.

7

### XANEIRO **Os tres porquiños**

<b>Actividade</b>	MUSICAL INFANTIL
<b>Hora</b>	17h
<b>Lugar</b>	Sala Principal
<b>Público</b>	a partir de 2 anos (menores sen ocupar butaca gratuíto)
<b>Prezo</b>	8€ anticipada, 10€ billeteira
<b>Duración</b>	50m
<b>Entradas</b>	<a href="http://www.ataquilla.com">www.ataquilla.com</a> , Sala de Exposicións Afundación e na billeteira do Auditorio dúas horas antes da función

#### **Sinopse**

Os tres porquiños é unha obra musical con bonecos de tamaño real. Unha revisión da tradicional fábula para adaptala aos novos tempos, incluíndo a figura de Xan e Xiana, dous exploradores moi afeccionados aos contos, que entran no bosque para coñecer os seus personaxes favoritos. Na súa viaxe, ademais de descubrir a historia, os tres porquiños bailarán ao ritmo das cinco cancións -cantadas en directo- que compoñen o espectáculo, e que teñen unha clara misión didáctica para que os máis pequenos aprendan ou reforcen coñecementos como os números, as cores ou as prendas de vestir.

#### **Elenco**

Paulo Medal, Rocío Salgado, Alicia Rodríguez, Ademar Silvoso, Susana Martínez

9

### XANEIRO **Vida, máis ca vida**

<b>Actividade</b>	CINE ESCOLAR
<b>Hora</b>	10h
<b>Lugar</b>	Sala Principal

**Público** 1º,2º,3º,4º ESO

**Duración** 90m

**Sinopse**

"Máis ca Vida" é un documental que recolle os testemuños reais do día a día do mundo que os rodea. Plasma en imaxes os momentos de ensaios aos que tiveron que enfrontarse na rodaxe xunto cos seus medos, alegrías, interrogantes, dificultades, fatigas... os seus sentimentos.

A obra de ficción "Vida", unha mestura de arte, entretemento e comunicación, convértese na primeira experiencia audiovisual destas persoas, que entrelazadas cun reparto artístico de primeira categoría como os recoñecidos actores Mariana Carballal, Estíbaliz Veiga, Javier Gutiérrez, Cristina Castaño, María Mera e Luis Iglesia entre outros, trasladaranlle ao espectador dunha maneira lúdica e enteiramente positiva e realista, as diferenzas sociais existentes invitando ao público á reflexión.

Estes dous proxectos estreitamente ligados ofrecen un formato pioneiro que transportará o espectador a un mundo de emocións no que poderá descubrir que a ficción e a realidade destas dúas obras van collidas pola man.

**Organiza: Afundación**

**Obra Social ABANCA**

**+ info: [www.afundacion.org](http://www.afundacion.org)**

**13**

**XANEIRO**

**Delta Tour- MClan en concerto**

**Actividade** CONCERTO

**Hora** 21h

**Lugar** Sala Principal

**Público** Todos os públicos

**Prezo** a partir de 20€

**Duración** 100m

**Entradas** [www.ataquilla.com](http://www.ataquilla.com), Sala de Exposicións Afundación e na billeteira do Auditorio dúas horas antes da función

**Sinopse**

M Clan presentan "Delta Tour", a xira de 2017 que combina a presentación do seu novo álbum de estudo "Delta" e os grandes éxitos da banda. Despois da súa exitosa xira de presentación do novo disco, que os levou pola xeografía nacional este inverno nun formato de Teatros, volven aos escenarios na súa versión máis pura e rockeira, cunha banda totalmente engraxada para arrasar nun dos directos máis potentes do panorama rock nacional.

Neste traballo Carlos Tarque e Ricardo Ruipérez mostran as súas novas cancións con maior carga de profundidade, tanto no seu son como nas letras, cunha instrumentación máis acústica, que os achega tanto ás raíces do folk americano como aos sons clásicos do rock con raíces, e homenaxeando de maneira refrescante ás grandes formacións de country rock e harmonías vogais dos 70.

**14**

**XANEIRO**

**Os Rockenstein – Malasombra Produccións**

**Actividade** TEATRO-MUSICAL

**Hora** 12h

**Lugar** Sala Principal

**Público** + 6 anos

**Prezo** Anticipada: 5€ Billeteira: 6€

**Duración** 60m

**Entradas** [www.ataquilla.com](http://www.ataquilla.com), Sala de Exposicións Afundación e na billeteira do Auditorio dúas horas antes da función

### **Sinopse**

O profesor Rockenstein, é un brillante científico que pasa a súa vida metido no laboratorio investigando novas fórmulas para beneficio da humanidade. Pasa os seus días entre probetas, computadores, tubos de ensaio e microscopios, mentres goza da súa gran paixón: O rock&roll. Pero Rockenstein está triste, séntese só e de súpeto xorde a grande idea da súa vida: crear unha criatura! Un fillo con quen poder compartir o amor pola ciencia e polo rock&roll.

### **Elenco**

Sandra Iglesias, Carlos Mosquera "Mos", Jouse García, Xoque Carbajal

18

**XANEIRO**

**O tolleito de Inishmaan- Contraproducións S.L.**

**Actividade**

TEATRO COMEDIA

**Hora**

20,30h

**Lugar**

Sala Principal

**Público**

+ 16 anos

**Prezo**

Anticipada: 5€ Billeteira: 6€

**Duración**

110m

**Entradas**

**www.ataquilla.com**, Sala de Exposicións Afundación e na billeteira do Auditorio dúas horas antes da función

### **Sinopse**

Podería ser unha aldea galega pero é unha pequena illa irlandesa. Anos 30. Personaxes curiosas, pintorescas, características.... Seres máis ou menos adorables, máis ou menos odiosos que, nun mundo física e humanamente illado, viven as súas vidas cativas como poden e como saben. Entre eles un tolleito, un ser desfavorecido que ten unha arela que para el semella extremadamente difícil: transcender ese ámbito pechado que está obrigado a habitar, un eivado que persegue un soño que nel parece empresa imposible: ser amado e valorado como calquera outro.

### **Elenco**

Santi Romay, Susana Dans, Ana Santos, Evaristo Calvo, Melania Cruz, Marcos Pereiro, Pepo Suevos, Luis Iglesia.

Autor: Martín McDonagh

Dirección, Adaptación: Cándido Pazó

Música: Guillerme Fernández

21

**XANEIRO**

**Fantasia coas palabras- María Faltri & Jorge Juncal**

**Actividade**

MÚSICA

**Hora**

12h

**Lugar**

Sala Azul

**Público**

Todos os públicos

**Prezo**

Anticipada: 3€ Billeteira: 4€

**Duración**

60m

**Entradas**

**www.ataquilla.com**, Sala de Exposicións Afundación e na billeteira do Auditorio dúas horas antes da función

### **Sinopse**

Fantasia coas palabras é un espectáculo musical, parello á edición do álbum-CD do mesmo nome que editou Sonárbore na primavera do 2017, nel únese música en directo e acción teatral no percorrido polas cancións que o compoñen.

### **Elenco**

María Faltri, Jorge Juncal, Juansy Santomé

22,23

**XANEIRO**

**Zapping – Blue Mango Theatre**

**Actividade** TEATRO ESCOLAR  
**Hora** 10H, 12h  
**Lugar** Sala Principal  
**Público** 4º, 5º, 6º Educación Primaria  
**Duración** 60m

**Sinopse**

Unha comedia musical sobre a ciencia, a amizade, a rivalidade fraterna e o respecto aos demais. Oxalá Eli escoitase a seu pai. Quizais aprobaría o seu exame sobre o sistema solar. E se a relación coa súa irmá fose mellor, podería gañar o concurso de talentos. E se...

Pero cando Eli descobre que pode rebobinar o tempo, dispón dunha oportunidade de ouro para facer as cousas de forma distinta. Mellorarán as cousas?

**Organiza: Afundación**

**Obra Social ABANCA**

**+ info: [www.afundacion.org](http://www.afundacion.org)**

28

**XANEIRO**

**Martín Martín- Mircromina**

**Actividade** TEATRO-MONICREQUES  
**Hora** 12h  
**Lugar** Sala Azul  
**Público** + 3 anos  
**Prezo** Anticipada: 3€ Billeteira: 4€  
**Duración** 45m  
**Entradas** [www.ataquilla.com](http://www.ataquilla.com), Sala de Exposicións Afundación e na billeteira do Auditorio dúas horas antes da función

**Sinopse**

Martín Martín é un tenro e intenso espectáculo de marionetas de luva-actor dirixido ao público infantil e familiar que conta como o neno Martín, inmerso no universo da televisión e os vídeo xogos, entra en contacto con outro xeito de sentir e de facer, o da súa avoa. Ela é quen lle amosa o valor da atención e do traballo coa propia creatividade, cando lle regala un lapis "máxico".

O espectáculo conxuga actores e monicreques; un narrador presenta a escena e os personaxes - unha e outros compostos cuns trazos moi sinxelos- para despois deixar paso aos monicreques, nun xogo de planos que imprime dinamismo á obra.

**Elenco**

Ton Arenas, Simón Piñón

**FEBREIRO**

2

**FEBREIRO**

**Nanocontos- Raquel Queizás**

**Actividade** CONTACONTOS PARA BEBÉS  
**Hora** 18h, 19h  
**Lugar** Sala Apego  
**Público** ata 3 anos

**Prezo** Anticipada: 3€ Billeteira: 4€ Gratuíto para bebés  
**Duración** 35m  
**Entradas** [www.ataquilla.com](http://www.ataquilla.com), Sala de Exposicións Afundación e na billeteira do Auditorio dúas horas antes da función.

### **Sinopse**

Contos sobre actividades da vida cotiá. Para os nosos amigos os animais cada día é unha nova aventura chea de cousas que aprender mentres xogan coas cores, as formas e a música. Porque cando se é tan pequeno até as cousas máis sinxelas se converten en todo un reto. Un espectáculo que estimula as habilidades de percepción espacial a psicomotricidade dos bebés a través de pequenas historias adaptadas para captar o seu interese.

**4**

## **FEBREIRO O secuestro da bibliotecaria- Sarabela Teatro**

**Actividade** TEATRO  
**Hora** 12h  
**Lugar** Sala Principal  
**Público** + 5 anos  
**Prezo** Anticipada: 3€ Billeteira: 4€  
**Duración** 55m  
**Entradas** [www.ataquilla.com](http://www.ataquilla.com), Sala de Exposicións Afundación e na billeteira do Auditorio dúas horas antes da función

### **Sinopse**

A señorita Ernestina é a fermosa bibliotecaria da vila de Parangón. Aínda que é orfa e non ten familiares ricos, os bandidos desta peza decidiron secuestrala. Pretenden xerar un caos cultural que obrigue as autoridades a pagar polo rescate da bibliotecaria. Así e todo as intencións desta banda tomarán un novo camiño ao descubrir que a señorita Ernestina os contaxiou co virus da varicela. A poucas persoas lles acaen ben os grans na cara pero para uns ladróns resulta desastroso. Tomaría vostede en serio un ladrón con grans? Pois non, parece ser a resposta máis obvia; así que os ladróns deben atopar unha solución para o seu problema, pero non teñen nin idea de onde procurala.

### **Elenco**

Nate Borrajo, Fernando Dacosta, Josito Porto, Sabela Gago, Afonso Míguez

**11**

## **FEBREIRO Sherlock Homes- Cayetano Lledó**

**Actividade** MAXIA  
**Hora** 12h  
**Lugar** Sala Principal  
**Público** + 3 anos  
**Prezo** Anticipada: 3€ Billeteira: 4€  
**Duración** 70m  
**Entradas** [www.ataquilla.com](http://www.ataquilla.com), Sala de Exposicións Afundación e na billeteira do Auditorio dúas horas antes da función

### **Sinopse**

Sherlock Holmes é un espectáculo de teatro con comedia, maxia e moito humor. Un show dirixido ao público familiar. O famoso detective tentará resolver o misterioso roubo da mansión. Os feitos producíronse durante a noite en que a baronesa celebraba o aniversario. Que ninguén saia da casa. Todos son sospeitosos! O cociñeiro, o mordomo, todos os convidados. A propia baronesa tamén é sospeitosa! Mesmo algún espectador ou espectadora do público podería ser culpable...

**16**  
**FEBREIRO**                    **"CAFÉ QUIJANO. TOUR 2018"**

**Actividade**                    CONCERTO  
**Hora**                            20.30h  
**Lugar**                            Sala Principal  
**Público**                        Todos os públicos  
**Prezo**                            A partir de 20€  
**Duración**                      120m  
**Entradas**                      **www.ataquilla.com**, Sala de Exposicións Afundación e na billeteira do Auditorio dúas horas antes da función.

**Sinopse**

Cando pasan 20 anos desde o seu debut discográfico, Café Quijano regresa aos grandes escenarios co seu novo traballo, que recompila dúas décadas de éxitos, novas creacións e por suposto, intensos e sensitivos boleros que os fixeron merecedores de varias nominacións aos Latin Grammy Awards. Con temas como '*Nada de nada*', '*Llaves de Raquel*', '*La Lola*', '*Tequila*' '*Desde Brasil*' ata o seu último éxito '*Perdonarme*' pasando polos boleros '*Me enamoras con todo*' e '*Robarle tiempo al tiempo*'...

**18**  
**FEBREIRO**                    **O sal do mar e outros contos mariñeiros- Teatro del Andamio**

**Actividade**                    TEATRO  
**Hora**                            12h  
**Lugar**                            Sala Azul  
**Público**                        + 3 anos  
**Prezo**                            Anticipada: 3€ Billeteira: 4€  
**Duración**                      50m  
**Entradas**                      **www.ataquilla.com**, Sala de Exposicións Afundación e na billeteira do Auditorio dúas horas antes da función

**Sinopse**

A lago gústalle o mar e gústalle a aventura. Milleiros de veces xogaba co seu avó a ser mariñeiro: dar unha volta ao temón, tocar a campá, subir na ponte de mando do capitán e dar ordes. O avó sempre lle dicía: Oe, lago, lembra, os mares non nos separan, únennos, somos moi diferentes e parecidos á vez!!!! E agora o soño pódese facer realidade, lago vai facer a súa primeira viaxe!!! Pero antes... deberá coñecer a Marina, que lle brindará esta grande oportunidade. O seu barco aínda está atracado no peirao, pero el xa soña con saír a navegar, cruzar os mares, descubrir lugares descoñecidos, coñecer xente nova e por fin... poder abrir o baúl cheo de tesouros que lle deixou o seu avó.

**Elenco**

Gema Ulloa, Fran Martín

**18**  
**FEBREIRO**                    **MECANO. HIJA DE LA LUNA Con Robin Torres**

**Actividade**                    MUSICAL  
**Hora**                            20,30h  
**Lugar**                            Sala Principal  
**Público**                        Todos os públicos  
**Prezo**                            a partir de 17€

**Duración** 105m  
**Entradas** [www.ataquilla.com](http://www.ataquilla.com), Sala de Exposicións Afundación e na billeteira do Auditorio dúas horas antes da función

### **Sinopse**

Robin Torres leva desde os catorce anos cantando e nunca perdeu a ilusión pola música, arte á que foi sumando os seus coñecementos de danza e de interpretación para convertela nunha “todoterreo” das artes escénicas sempre disposta a dalo todo por esta gran paixón. Tras o seu paso por “La Voz”, Robin Torres afronta “Hija de la Luna”.

Vén revivir unha época inesquecible, o mellor tributo á banda máis importante do pop español! Un espectáculo que trasladará por unha noite, a un dos concertos multitudinarios, nos que miles de almas, cantaban as súas cancións. *Me cuesta tanto olvidarte, Maquillaje, Cruz de navajas, La fuerza del destino, Barco a Venus, Mujer contra mujer...* Un momento único para te volver xuntar con aqueles que compartiron esta máxica época.

**22**

**FEBREIRO** **O Ferro- Teatro del Andamio**

**Actividade** TEATRO  
**Hora** 20,30h  
**Lugar** Sala Principal  
**Público** + 18 anos  
**Prezo** Anticipada: 3€ Billeteira: 4€  
**Duración** 60m  
**Entradas** [www.ataquilla.com](http://www.ataquilla.com), Sala de Exposicións Afundación e na billeteira do Auditorio dúas horas antes da función

### **Sinopse**

Esta é a historia dun matrimonio que leva 14 anos xuntos. Luís, é un administrativo, que traballa nun banco. Rosa, é unha ama de casa que comezou a estudar administración de empresas, pero antes de rematar quedou grávida e tivo que deixar a carreira.

Luís e Rosa teñen unha filla de quince anos estudando no estranxeiro, unha hipoteca e un coche. Marta, está en Irlanda de intercambio durante o curso para aprender inglés. Nada especial, todo como en calquera familia normal, en calquera cidade de España.

Pero hoxe, a vida de Rosa vai sufrir un revés e todo vai cambiar para sempre. Hoxe pásalle o ferro a un pantalón do seu marido, e atopa algo no peto: un papeliño “centrifugado” pola lavadora...

Toda unha historia de vida en clave de humor.

### **Elenco**

Gema Ulloa, Fran Martín  
Autor: Álvaro Guevara  
Dirección Tatiana Likhacheva  
Vestuario: Anastasia Guevara

**25**

**FEBREIRO** **A galiña dos ovos de ouro – Zum Zum Teatre**

**Actividade** TEATRO  
**Hora** 12h  
**Lugar** Sala Principal  
**Público** + 4 anos  
**Prezo** Anticipada: 5€ Billeteira: 6€  
**Duración** 55m  
**Entradas** [www.ataquilla.com](http://www.ataquilla.com), Sala de Exposicións Afundación e na billeteira do Auditorio dúas horas antes da función.

### **Sinopse**

Gústanvos os cartos? ... Moito?

Os granxeiros desta historia non perdían o tempo pensando nos cartos e sempre repartían o pouco que tiñan con quen máis o precisaba, pero un día, unha pita chegou á súa granxa e puxo un ovo de ouro. Imaxinádesvos se vos pasara a vós? ...

Unha historia que fala da pobreza, da riqueza e da avaricia. Unha historia que conta que os cartos son un "conto".

#### **Elenco**

Begonya Ferrer, Ramón Molíns, Albert García

Cancións: Ramón Molíns

Música: Richard Lacy, Philip Guyler, Lincoln Grounds

**26, 27**

**FEBREIRO**

**A nena e o grilo nun barquiño - Magín Blanco**

**Actividade**

CONCERTO ESCOLAR

**Hora**

10h, 12h

**Lugar**

Sala Principal

**Público**

Educación Infantil

**Duración**

60m

#### **Sinopse**

A nena e mais o grilo van emprender unha viaxe que lles permitirá descubrir, ademais do mundo e das súas aventuras, o seu propio mundo interior. A solidariedade, o respecto á natureza, a identidade... son algúns dos valores que se transmiten tanto a través das peripecias dos personaxes coma das poéticas cancións que as acompañan.

**Organiza: Afundación**

**Obra Social ABANCA**

**+info: [www.afundacion.org](http://www.afundacion.org)**

**MARZO**

**1**

**MARZO**

**Elisa e Marcela- A Panadaría**

**Actividade**

TEATRO

**Hora**

20,30h

**Lugar**

Sala Principal

**Público**

+ 18 anos

**Prezo**

Anticipada: 3€ Billeiteira: 4€

**Duración**

75m

**Entradas**

**[www.ataquilla.com](http://www.ataquilla.com), Sala de Exposicións Afundación e na billeiteira do Auditorio dúas horas antes da función.**

#### **Sinopse**

Ano 1901, A Coruña. Dúas mulleres casan na Igrexa de San Xurxo, unha delas vestida de home. Unha historia de persecucións policiais, fuxidas en dilixencia, cambios de identidade e informacións manipuladas. As cómicas d' A Panadaría presentan unha reconstrución irreverente dun suceso real. Unha comedia musical onde o verídico parece invento. Elisa e Marcela é unha historia de amor a contratempo.

#### **Elenco**

Areta Bolado, Noelia Castro e Ailén Kendelman

**2**



## **MARZO Os contos do chupete- Migallas Teatro**

<b>Actividade</b>	TEATRO PARA BEBÉS
<b>Hora</b>	18h, 19h
<b>Lugar</b>	Sala Apego- AFORO REDUCIDO
<b>Público</b>	ata 3 anos
<b>Prezo</b>	Anticipada: 3€ Billeteira: 4€ Gratuíto para bebés
<b>Duración</b>	30m
<b>Entradas</b>	<a href="http://www.ataquilla.com">www.ataquilla.com</a> , Sala de Exposicións Afundación e na billeteira do Auditorio dúas horas antes da función.

### **Sinopse**

Bea e Paulo teñen un problema. O seu lobo leva chupete... Cada vez que llo intentan quitar, chora. Pero chora moito... a quen se lle conte, un lobo con chupete! Está desconsolado. Contos, cantos e cancións serán a solución.

Os contos do chupete é unha sesión de contos para bebés na que se integran música en directo, literatura infantil, expresión dramática e tradición oral. Os cativos poderán chuchar contos, cancións e arrolos ata encher a barriguiña nesta proposta para bebés na que gozar en familia.

3

## **MARZO Sénior- Culturactiva**

<b>Actividade</b>	TEATRO
<b>Hora</b>	20,30h
<b>Lugar</b>	Sala Principal
<b>Público</b>	+ 16 anos
<b>Prezo</b>	Anticipada: 3€ Billeteira: 4€
<b>Duración</b>	70m
<b>Entradas</b>	<a href="http://www.ataquilla.com">www.ataquilla.com</a> , Sala de Exposicións Afundación e na billeteira do Auditorio dúas horas antes da función.

### **Sinopse**

Espectáculo cómico sobre a crise dos 50. Unha reflexión en clave de humor sobre a chegada ás portas da terceira idade. Cando se abandona a madurez e se comeza a ser sénior? Estamos realmente aviados para os retos e problemas que se nos botan enriba ao cumprir o medio século? E, sobre todo, estamos preparados para ser vellos? Iglesia e Orsi rinse de si mesmos ante nós. Cunha comicidade sinxela e directa, na que doadamente se verá identificada a audiencia, e apoiada nun texto enxeñoso de creación propia, Sénior permitíranos rir das situacións máis cotiás, de divertidas anécdotas que, seguramente, moios de nós chegamos a vivir e de escenas que só se poden vivir, gozar e padecer a partir dos 50 anos.

### **Elenco**

Luís Iglesia, Marcos Orsi  
Dirección: Avelino González  
Deseño son, iluminación: Paula Castro

4

## **MARZO Peter Pan e Wendy- El perro azul Teatro**

<b>Actividade</b>	TEATRO
<b>Hora</b>	12h
<b>Lugar</b>	Sala Principal
<b>Público</b>	+ 5 anos
<b>Prezo</b>	Anticipada: 5€ Billeteira: 6€

**Duración** 60m  
**Entradas** [www.ataquilla.com](http://www.ataquilla.com), Sala de Exposicións Afundación e na billeteira do Auditorio dúas horas antes da función.

### **Sinopse**

Todos os nenos medran, menos un, Peter Pan.

A nena Wendy deixa a súa casa e marcha, voando con Peter Pan e Campanilla, ao País de Nunca Xamais, unha illa máxica, cos nenos perdidos, as fadas e as sereas, para vivir fantásticas aventuras en compañía dos indios, pelexando cos piratas e co seu capitán, Garfio. Finalmente, Wendy regresa a casa cos nenos perdidos.

Peter Pan volverá, pasados os anos, ao chegar a festa da primavera e, se non o esquece, levará a nena de Wendy ao País de Nunca Xamais.

### **Elenco**

Gema Viguera, Fernando Moreno

Autor: Jaime Barrie

Dirección: Jorge Padín

**7**

## **MARZO O lunar de Lady Chatterley- Impulso X Distribución**

**Actividade** TEATRO  
**Hora** 20,30h  
**Lugar** Sala Principal  
**Público** + 16 anos  
**Prezo** Anticipada: 5€ Billeteira: 6€  
**Duración** 70m  
**Entradas** [www.ataquilla.com](http://www.ataquilla.com), Sala de Exposicións Afundación e na billeteira do Auditorio dúas horas antes da función.

### **Sinopse**

Un espectáculo que fala sobre a condición feminina. Sobre esas cousas polas que mulleres de todos os tempos loitaron durante séculos: a verdadeira independencia, a verdadeira emancipación, e a verdadeira necesidade de tomar as súas propias decisións.

O texto tamén expón algunhas cuestións importantes sobre o uso e perversión da linguaxe para manipular os nosos semellantes. E todo isto conflúe en algo aparentemente diminuto: un lunar, unha pequena mancha no corpo dunha muller que loita contra unha sociedade intolerante e desapiadada.

### **Elenco**

Autor: Roberto Santiago

Dirección: Antonio Gil

Intérprete: Ana Fernández

Escenografía: Sean Mackaoui

Vestuario: Montse Sancho

**11,12**

## **MARZO Cooking with Soul- Mr Vértigo**

**Actividade** TEATRO  
**Hora** Día 11- 12h  
Día 12- 11h- ESCOLARES  
**Lugar** Sala Principal  
**Público** + 6 anos  
**Prezo** Anticipada: 3€ Billeteira: 4€  
**Duración** 55m  
**Entradas** [www.ataquilla.com](http://www.ataquilla.com), Sala de Exposicións Afundación e na billeteira do Auditorio dúas horas antes da función.

### **Sinopse**

Cooking with soul é un programa de Cociña TecnoEmocional onde refogamos o amor, a creatividade, o medo, a sorte e as equivocacións para compartilo en directo pola internet cos espectadores que estean conectados á nosa canle SuerTube.

### **Elenco**

Nacho Atienza- Pedro Harina de Fuerza  
Carolina Osorio- Di Marti.

**14, 15, 16**

**MARZO**

**Retahilando- Eugenia Manzanera**

**Actividade** TEATRO ESCOLAR  
**Hora** 10h, 12h  
**Lugar** Sala Principal  
**Público** 1º, 2º Educación Primaria  
**Duración** 60m

### **Sinopse**

Sis Sas é a anciá tecedora do mundo. Ela crea sen parar: tece o tempo, tece as persoas e mesmo fía tecidos de historias. Como nun soño, Retahilando amosa feitos de tempos pasados, obxectos que son contos e cancións de países mediterráneos. Trátase dun espectáculo no que a risa se atopa por todos os recunchos.

**Organiza: Afundación**

**Obra Social ABANCA**

**+info: [www.afundacion.org](http://www.afundacion.org)**

**16**

**MARZO**

**CONTOS NA LAREIRA**

**Actividade** HUMOR  
**Hora** h  
**Lugar** Sala Principal  
**Público**  
**Prezo** Anticipada: Billeteira:  
**Duración** m  
**Entradas** **[www.ataquilla.com](http://www.ataquilla.com)**, Sala de Exposicións Afundación e na billeteira do Auditorio dúas horas antes da función.  
**Sinopse**

**17**

**MARZO**

**Jeff Toussaint**

**Actividade** HIPNOSES  
**Hora** 21h  
**Lugar** Sala Principal  
**Público** Todos os públicos  
**Prezo** A partir de 12€  
**Duración** 120m  
**Entradas** **[www.ataquilla.com](http://www.ataquilla.com)**, Sala de Exposicións Afundación e na billeteira do Auditorio dúas horas antes da función.

### **Sinopse**

Jeff Toussaint é un ilusionista e hipnotista profesional de nacionalidade francesa. Con máis de 27 anos no mundo do ilusionismo e a hipnose, actuando para públicos de todas as nacionalidades. Desde 1996 está asentado en España onde segue a actuar e impartir cursos en toda a xeografía nacional e no estranxeiro, realizando eventos corporativos, aparicións en televisión e teatros entre moitos outros.

A hipnose teatral converteuse na súa especialidade que o levou a se consolidar como un dos profesionais de máis renome e mediático do momento.

Estilo fresco e dinámico nun espectáculo asombroso, mais sempre divertido, o máis valorado polo público na actualidade.

**18**

**MARZO**

**Xan Perillán e a maleta máxica- Os Monicreques do Kukas**

**Actividade**

TEATRO-MONICREQUES

**Hora**

12h

**Lugar**

Sala Azul

**Público**

+ 3 anos

**Prezo**

Anticipada: 3€ Billeteira: 4€

**Duración**

45m

**Entradas**

**www.ataquilla.com**, Sala de Exposicións Afundación e na billeteira do Auditorio dúas horas antes da función.

### **Sinopse**

Xan Perillán é un home con sorte, tocoulle nunha rifa unha viaxe a Pernambuco...Pero, onde queda Pernambuco? No hemisferio Norte ou no Sur?...cun pouco de maxia e a axuda dos rapaces seguro que o descubrirá. Xunta todas as súas cousas e vai meténdoas nunha maleta que non é unha maleta calquera...é unha maleta máxica, todo o que aquí se mete, convértese nun truco de maxia...

Ai, Xan Perillán, que traballos está a pasar! E por riba o seu loro Ravachol aparece e desaparece por arte de birlibirloque ...agora está...agora xa non...Uf, por fin meteu todo na maleta...Xa pode marchar....

### **Elenco**

Marcelino de Santiago

Dirección: Isabel Rey Pousada

**18**

**MARZO**

**Tadeo Jones, Una aventura musical- Ymax Producciones S.L.**

**Actividade**

MUSICAL

**Hora**

18h

**Lugar**

Sala Principal

**Público**

+ 2 anos

**Prezo**

35€, 30€, 25€

**Duración**

75m

**Entradas**

**www.ataquilla.com**, Sala de Exposicións Afundación e na billeteira do Auditorio dúas horas antes da función.

## Sinopse

Tadeo Jones recibe unha misteriosa visita que lle entrega unha enigmática mensaxe que afecta á súa queridísima Sara Lavrof. Na mensaxe indícanlle que Sara desapareceu e que é preciso que acuda a Delos, unha enigmática illa Grega, na súa procura.

Como non pode ser doutro xeito, Tadeo ponse a traballar axiña e comeza unha aventura na que as personaxes percorren o fantástico mundo da mitoloxía grega na procura do tesouro de Euterpe. Esta busca levará a Tadeo e aos seus inseparables compañeiros de viaxe, Jeff o can, a súa querida momia e a Belzoni, o loro, a escenarios diferentes onde irá atopando as claves necesarias que o guiarán ata á súa queridísima Sara.

22

**MARZO**

**Casa O´Rei- Ibuprofeno Teatro**

**Actividade** TEATRO  
**Hora** 20.30h  
**Lugar** Sala Principal  
**Público** + 16 anos  
**Prezo** Anticipada: 5€ Billeteira: 6€  
**Duración** 90m  
**Entradas** [www.ataquilla.com](http://www.ataquilla.com), Sala de Exposicións Afundación e na billeteira do Auditorio dúas horas antes da función.

## Sinopse

Este texto propón un xogo escénico e dramatúrxico a partir de "O Rei Lear" de Shakespeare, ambientado nunha típica casa de comidas galega.

Manolo Rei, vello e enfermo, prepara un cocido e reúne a familia. A comida sempre é unha escusa. Desta vez para repartir a Casa entre as súas tres fillas. Pero o cocido sáelle cargado de traizón e desprezo, intragable polo amargor dun mundo novo, acedo e descoñecido, que trae do estranxeiro unha morte preconxelada e adobiada con fel. O tempo, o destino e o Burger King son implacables coa sorte dos mortais que non saben seleccionar os ingredientes axeitados para elaborar as receitas da súa vida.

## Elenco

Miguel Borines, Victoria Teijeiro, Marián Bañobre, Teté García, Víctor Mosqueira, Xosé M. Esperante

Autor, dirección: Santiago Cortegoso

Música: Caxade

24

**MARZO**

**Sons do Atlántico- Orquestra de Cámara Galega**

**Actividade** MÚSICA DE CÁMARA E CONTEMPORÁNEA  
**Hora** 20,30h  
**Lugar** Sala Principal  
**Público** + 4 anos  
**Prezo** Anticipada: 8€ Billeteira: 9€  
**Duración** 70m  
**Entradas** [www.ataquilla.com](http://www.ataquilla.com), Sala de Exposicións Afundación e na billeteira do Auditorio dúas horas antes da función.

## Sinopse

Sons do Atlántico é una proposta cun programa moi amplo e variado. Música de cámara e contemporánea creada por compositores de todos os países que teñen o tiveron influxo do noso océano ao longo da historia, facendo un especial fincapé en autores iberoamericanos e recalando sempre nos compositores galegos como Sergio Moure, compositor moi vinculado ao mundo

audiovisual.

Seguindo as ondas do noso océano até as ribeiras de todos os seus dominios podemos escoitar os mesmos Sons do Atlántico cada vez que toca nas rochas, nos cantís, nas praias. Así, a Orquestra de Cámara Galega, quere recoller algún deses sons da man de creadores do Atlántico, sen fronteiras, para arribar durante un intre nunha sentida homenaxe ao noso máis prolífico compositor, o Mestre Rogelio Groba.

**25**

**MARZO**

### **O libro máxico- Migallas Teatro**

**Actividade** TEATRO  
**Hora** 12h  
**Lugar** Sala Azul  
**Público** + 4 anos  
**Prezo** Anticipada: 3€ Billeteira: 4€  
**Duración** 70m  
**Entradas** [www.ataquilla.com](http://www.ataquilla.com), Sala de Exposicións Afundación e na billeteira do Auditorio dúas horas antes da función.

#### **Sinopse**

Rosiña é unha nena que ten que quedar soa na casa mentres os pais van a unha reunión. Como ten algúns problemas para rematar os deberes decide investigar nun baúl onde o pai gardou moitos trebellos que non se manchasen coa pintura, pois está pintando a casa. Alí atopa un libro vello eponse a ler nel. Tras as primeiras liñas empezan a pasar cousas estrañas e Rosiña, os seus amigos, e o público, mergúllanse na aventura de piratas que está escrita no libro.

Máis tarde os rapaces e rapazas irán en procura da lámpada marabillosa que esqueceu un xenio en Arabia; actuarán na pista dun circo acompañados por un can pallaso e conducirán unha nave espacial por galaxias descoñecidas.

#### **Elenco**

Carlos Yus, María Campos

**25**

**MARZO**

### **DOCTOR QUEEN - THE BEST QUEEN TRIBUTE BAND IN THE WORLD**

**Actividade** CONCERTO TRIBUTO  
**Hora** 19h  
**Lugar** Sala Principal  
**Público** Todos os públicos  
**Prezo** A partir de 20€  
**Duración** 90m  
**Entradas** [www.ataquilla.com](http://www.ataquilla.com), Sala de Exposicións Afundación e na billeteira do Auditorio dúas horas antes da función.

#### **Sinopse**

O espectáculo de homenaxe a Freddie Mercury máis recoñecido no mundo, volve cunha proposta increíble, única e innovadora. Co formato tradicional e unha posta en escena de primeira categoría, un espectáculo nunca visto nin oído no tributo.. Vestiario, grandes cancións, reinventadas para a actualidade, revivindo a Freddie Mercury despois de 25 anos de ausencia. A voz máis potente e recoñecida do tributo mundial. Os músicos máis destacados e carismáticos.

Doutor Queen 2017! O tributo máis espectacular do mundo, que leva máis de 17 anos virando, con 800 shows en vivo ao longo de 22 países. Nunca vas ver algo así, se non é co Doutor Queen..

## ABRIL

1

### ABRIL O Libro da Selva- Títeres Cachirulo

<b>Actividade</b>	TEATRO
<b>Hora</b>	12h
<b>Lugar</b>	Sala Azul
<b>Público</b>	+4 anos
<b>Prezo</b>	Anticipada: 3€ Billeteira: 4€
<b>Duración</b>	55m
<b>Entradas</b>	<a href="http://www.ataquilla.com">www.ataquilla.com</a> , Sala de Exposicións Afundación e na billeteira do Auditorio dúas horas antes da función.

#### Sinopse

Na espesura da selva, o malvado tigre Sherekan, ataca na aldea dous homes. Mowgli un rapaciño escorregadizo escapa das poutas do tigre e procura refuxio na cova dos lobos, que pasarán a se converter na súa nova familia, coa que vivirá divertidas experiencias até que se teña que enfrontar, cara a cara, con Sherekan.

#### Elenco

Carmen Domech, Jorge Rey

4, 5, 6

### ABRIL Antón Comodón- L´estaquirot Teatre

<b>Actividade</b>	TEATRO ESCOLAR
<b>Hora</b>	10h, 12h
<b>Lugar</b>	Sala Principal
<b>Público</b>	Educación Infantil
<b>Duración</b>	50m

#### Sinopse

Esta é a historia de Antón, a quen de neno na súa casa lle facían todo. Cando medrou tiña un axudante, Nicolás, que tamén lle facía todo pero que un día marchou vivir ás illas verdes... Antón non sabía vivir sen a súa axuda: nin vestirse, nin atar os zapatos, nin comer a sopa..Así pois decidiu ir na procura de Nicolás e na súa viaxe aprendeu moitas cousas...

**Organiza: Afundación**

**Obra Social ABANCA**

**+info: [www.afundacion.org](http://www.afundacion.org)**

6

### ABRIL Tilintilonia- O Baúl da tía Tola

<b>Actividade</b>	TEATRO PARA BEBÉS
<b>Hora</b>	18h, 19h
<b>Lugar</b>	Sala Apego
<b>Público</b>	ata 3 anos
<b>Prezo</b>	Anticipada: 3€ Billeteira: 4€. Gratuíto para bebés
<b>Duración</b>	40m
<b>Entradas</b>	<a href="http://www.ataquilla.com">www.ataquilla.com</a> , Sala de Exposicións Afundación e na billeteira do Auditorio dúas horas antes da función.

## Sinopse

Tilintilonia é un pequeno planeta habitado por Tilín e Tilón, cada unha co seu son. Elas descubrirán un mundo cheo de texturas, cores, sons e fantásticos seres que xorden coa música e onde o aire e a auga se converten en elementos de xogo. Visualmente entramos nun mundo de sensación grazas ás teas, e ao que estas suxiren; son teas que voan e forman parte do vento, ondulan como a auga, queiman coma o lume e acubíllannos coma a terra.

6

**ABRIL**

**Parella aberta- Producciones Alberto Alfaro**

**Actividade**

TEATRO

**Hora**

20,30h

**Lugar**

Sala Principal

**Público**

+ 16 anos

**Prezo**

Anticipada: 5€ Billeteira: 6€

**Duración**

90m

**Entradas**

[www.ataquilla.com](http://www.ataquilla.com), Sala de Exposicións Afundación e na billeteira do Auditorio dúas horas antes da función.

## Sinopse

Parella aberta é unha obra de Franca Rame e Darío Fo, estreada en 1983. Nela preséntase nun ton de sátira unha crítica á dobre moral que existe ao redor do sexo e do matrimonio.

Relata a vida dunha parella "progre" que pensa que é moi liberal e aberta, pero o único que goza desa liberdade é o home. Amosa o machismo que se agocha ás veces mesmo nas parellas máis liberais e progresistas. É unha obra chea de gags cómicos e situacións delirantes, que axudan a suavizar o tema pero non deixa de amosar unha realidade.

**Elenco**

Alejandro Valenciano, Mar Galera

8

**ABRIL**

**Uxío no país de Patadecabra- A illa dos nenos**

**Actividade**

TEATRO-MONICREQUES

**Hora**

12h

**Lugar**

Sala Azul

**Público**

+ 3 anos

**Prezo**

Anticipada: 3€ Billeteira: 4€

**Duración**

60m

**Entradas**

[www.ataquilla.com](http://www.ataquilla.com), Sala de Exposicións Afundación e na billeteira do Auditorio dúas horas antes da función.

## Sinopse

Este é un conto inédito que mestura a maxia, o teatro e os monicreques creando un dinamismo continuo enriba do escenario. Uxío é un neno de 7 anos que quere chegar a ser un Gran Mago, aínda que a súa realidade dille todos os días que non é posible. Ata que un día, a través dun soño, todo cambia. Nese soño comezan a pasar cousas extraordinarias...Que pasará cando Uxío esperte? Sen dúbida unha historia envolvente que nos demostra que para conseguir algo, so hai que desexalo con moita forza.

**Elenco**

Francisco Otero

Autora: Marina López





**Actividade** TEATRO  
**Hora** 20.30h  
**Lugar** Sala Principal  
**Público** + 18 anos  
**Prezo** Anticipada: 3€ Billeteira: 4€  
**Duración** 60m  
**Entradas** [www.ataquilla.com](http://www.ataquilla.com), Sala de Exposicións Afundación e na billeteira do Auditorio dúas horas antes da función.

### **Sinopse**

Moitas son as reelaboracións que o mito experimentou nas mans dos autores clásicos, medievais e modernos, pero se hai algo que todas teñen en común é o feito de que invariablemente a heroína debe enfrontarse con férreos dilemas e tomar decisións que resultarán fatais para o curso da súa vida e tráxicas tamén para quen a rodea.

A nosa proposta é un convite para entrar no tempo pasado cunha nova actitude: dúbida da estereotipia, evitar os prexuízos, refutar as vías inmutables e escoitar. Queremos contar a súa historia desde unha ollada diferente e actual, trazando o retrato dunha muller entre dous mundos –estranxeira aquí e acolá- que trata de afirmarse no medio da incompreensión e o receo dos habitantes da cidade onde emigrou.

### **Elenco**

Paloma Lugilde, Sergio Zearreta, Nate Borrajo

Autora: Crhista Wolf

Dirección: Ánxeles Cuña Bóveda

**28**

## **ABRIL Plastic- Paula Quintas. Traspediante**

**Actividade** DANZA  
**Hora** 20.30h  
**Lugar** Sala Principal  
**Público** + 18 anos  
**Prezo** Anticipada: 3€ Billeteira: 4€  
**Duración** 50m  
**Entradas** [www.ataquilla.com](http://www.ataquilla.com), Sala de Exposicións Afundación e na billeteira do Auditorio dúas horas antes da función.

### **Sinopse**

Desde a antítese ou retórica, PLASTIC propón unha recuperación da memoria corporal desde dentro cara fóra. Como emanan substancias desde o noso interior e podemos trasladalas a un código plástico - estético e conservalo? Partindo do corpo como contedor, como se dunha Barbie se tratase, ese plástico como contedor que perdura ao longo do tempo, inmovilidade corporal desde o baleirado.

Un traslado emocional pola traxectoria persoal e artística do propio corpo, datas, pegadas, obxectos, estimulación sensorial e cicatrización corporal lévannos ás ideas referenciais da historia da arte, xogos luminosos e transposicións.

### **Elenco**

Paula Quintas

Autora: Rut Balbís

**29**

## **ABRIL Erori- Cair Circo**

**Actividade** CIRCO

**Hora** 12h  
**Lugar** Sala Principal  
**Público** todos os públicos  
**Prezo** Anticipada: 3€ Billeiteira: 4€  
**Duración** 45m  
**Entradas** [www.ataquilla.com](http://www.ataquilla.com), Sala de Exposicións Afundación e na billeiteira do Auditorio dúas horas antes da función.

### **Sinopse**

Accións sinxelas e cotiás que derivan en acrobacias mediante golpes e caídas, contrastan con coreografías visuais de danza e malabares. O absurdo, o sinxelo e o universal está presente nas disparatadas rutinas de circo. Unha dramaturxia non lineal que cada espectador vivirá dunha forma única.

### **Elenco**

Ariñe, Jano, Santi, Páez

## **MAIO**

### **EXPOSICIÓN Eixo Atlántico**

**Do 3 MAIO ATA O 30**

**Lugar: Vestíbulo Superior do Auditorio Municipal de Ourense**

**Entrada: Gratuíta**

**3, 4**

### **MAIO**

#### **Na percura do tesouro- Gaiteiros da Xistra**

**Actividade** CONCERTO ESCOLAR  
**Hora** 10h, 12h  
**Lugar** Sala Principal  
**Público** 3º, 4º Educación Primaria  
**Duración** 60m

### **Sinopse**

Xurxo estaba convencido de que aqueles debuxos nas pedras eran as marcas do mapa dun tesouro, pero por moito que o tentaba, nunca descifraba nada. Ata que Moura, a gardiá da cova, o espertou cos seus cantos para pedirlle que a liberase da malvada Serpe. Lendas, romances, zanfonas, alalás, cantigas, refráns... conforman as sendas que levan a descubrir un auténtico tesouro colectivo: a lingua.

**Organiza: Afundación**

**Obra Social ABANCA**

**+info: [www.afundacion.org](http://www.afundacion.org)**

**4**

### **MAIO**

#### **Puño puñete- Baobab Teatro**

**Actividade** MÚSICA PARA BEBÉS  
**Hora** 18h, 19h

**Lugar** Sala Apego  
**Público** ata 6 anos  
**Prezo** Anticipada: 3€ Billeiteira: 4€ Gratuito para bebés  
**Duración** 40m  
**Entradas** [www.ataquilla.com](http://www.ataquilla.com), Sala de Exposicións Afundación e na billeiteira do Auditorio dúas horas antes da función.

#### **Sinopse**

Puño puñete, que tes por dentro? Pan e fermento. Puño puñete, que tes por fóra? Pan e cebola. Puño puñete, e polo redor? Pan e calor.

Puño puñete é unha experiencia máxica para gozar cos máis pequenos en familia, onde poderán desfrutar de preciosas cancións e divertidas historias, todo aderezado con música en directo.

**5**

**MAIO**

### **Return of the Son of Nothing- Pink Tones**

**Actividade** CONCERTO TRIBUTO  
**Hora** 21h  
**Lugar** Sala Principal  
**Público** Todos os públicos  
**Prezo** a partir de 20€  
**Duración** 135m  
**Entradas** [www.ataquilla.com](http://www.ataquilla.com), Sala de Exposicións Afundación e na billeiteira do Auditorio dúas horas antes da función.

#### **Sinopse**

Return of the Son of Nothing é todo unha homenaxe á obra musical de Pink Floyd e en especial aos traballos dos anos setenta, época na que se especializaron os Pink Tones durante estes 13 anos. Tras o grande éxito de ON THE WING 2016, con cheos absolutos na maioría de concertos e un público máis que entregado, Pink Tones afronta este espectáculo coa experiencia e confianza que lle proporcionan estes anos de andadura, pero coa ilusión do primeiro día. Os concertos da nova xira de Pink Tones son un percorrido de 3 horas de duración polo mellor da discografía de Pink Floyd, unha das bandas máis innovadoras e creativas do século XX. PINK TONES, 100% PINK FLOYD MUSIC.

**6**

**MAIO**

### **Almendrita a pequena- Indeleble Comunidad Artística, A.C.**

**Actividade** TEATRO  
**Hora** 12h  
**Lugar** Sala Azul  
**Público** + 4 anos  
**Prezo** Anticipada: 3€ Billeiteira: 4€  
**Duración** 55m  
**Entradas** [www.ataquilla.com](http://www.ataquilla.com), Sala de Exposicións Afundación e na billeiteira do Auditorio dúas horas antes da función.

#### **Sinopse**

A pequena Almendrita, maxicamente nacida dunha flor, desexa coñecer o mundo e ás veces os desexos cúmprense... a pesar noso. Mentres Almendrita dorme placidamente no colo de mamá coxín, un sapo de xelatina lévaa ao río. Así é como Almendrita, na procura do camiño de volta á casa, vai coñecendo o mundo a través de singulares personaxes que a axudarán a confiar en si mesma e a se valorar tal e como é. Pequena, como unha améndoa.

6

**MAIO**

## **A Bela e a Besta- Animagic Estudio**

<b>Actividade</b>	MUSICAL
<b>Hora</b>	18h
<b>Lugar</b>	Sala Principal
<b>Público</b>	+3 anos
<b>Prezo</b>	a partir de 12€
<b>Duración</b>	90m
<b>Entradas</b>	<a href="http://www.ataquilla.com">www.ataquilla.com</a> , Sala de Exposicións Afundación e na billeteira do Auditorio dúas horas antes da función.

### **Sinopse**

Bela é unha moza culta e soñadora cuxa vida cambia cando unha arrepiante besta secuestra a seu pai . A Bela e a Besta, o musical é unha adaptación cantada e bailada do famoso conto infantil que nos lembra aquilo de que a beleza está no interior. Baseada no conto de fadas de Gabrielle-Suzanne Barbot de Villeneuve e revisada e abreviada por Jeanne-Marie Leprince de Beaumont” escrita a partir da historia orixinal La Belle et la Bête. Está representada nun formato de Teatro Musical Familiar ideal para que maiores e pequenos gocen xuntos coa grande e espectacular posta en escena, con divertidas coreografías e cancións sempre con voces en directo.

10

**MAIO**

## **Castrapo- Os Naufragos**

<b>Actividade</b>	TEATRO
<b>Hora</b>	20,30h
<b>Lugar</b>	Sala Principal
<b>Público</b>	+ 16 anos
<b>Prezo</b>	Anticipada: 5€ Billeiteira: 6€
<b>Duración</b>	80m
<b>Entradas</b>	<a href="http://www.ataquilla.com">www.ataquilla.com</a> , Sala de Exposicións Afundación e na billeteira do Auditorio dúas horas antes da función

### **Sinopse**

Daniel, escritor gallego emigrado a Madrid, volve a la tierra después de la muerte de su padre, con quien no mantenía una relación fluida. En el camino se encuentra con Rosa, que coge el mismo tren que Daniel con destino A Coruña. En este viaje a Galicia se encuentra con su pasado y con la necesidad de buscar sus raíces. Un viaje a su origen.

Castrapo habla de lo que fuimos y ya no somos y de lo que somos y ya no seremos.

### **Elenco**

Denis Gómez, Victoria Teijeiro, Gustavo del Río

Escenografía: Marisa de Laiglesia

Vestuario: Fernando Cayazzo

Iluminación: Esther Aja

Música: Pandereteiras Lilaina

Asesoría dramática: Rebeca Vecino

Deseño gráfico: Sebastián Casanova

11

**MAIO**

## **CORRELINGUA**

<b>Actividade</b>	ESCOLAR
<b>Hora</b>	10.00 e 12.00horas
<b>Lugar</b>	Sala Principal
<b>Público</b>	Alumnado de Primaria e Secundaria

**Duración** 130 m

### **Sinopse**

Co lema desta edición “A lingua non para” chega un ano máis o Correlingua a Ourense, dúas sesións en que o alumnado de Primaria e Secundaria festexarán que temos unha lingua propia. Actuacións do alumnado, do grupo gañador do concurso Cantalingua, proxeccións e máis sorpresas.

13

### **MAIO Pintamúsica! Viu el Teatre**

**Actividade** TEATRO PARA BEBÉS  
**Hora** 12h  
**Lugar** Sala Principal  
**Público** Ata 4 anos (aforo reducido a 100 persoas)  
**Prezo** Anticipada: 5€ Billeteira: 6€  
**Duración** 35m  
**Entradas** [www.ataquilla.com](http://www.ataquilla.com), Sala de Exposicións Afundación e na billeteira do Auditorio dúas horas antes da función.

### **Sinopse**

Unha viaxe polas estacións do ano onde, para cada época temos unha cor, unha canción e uns instrumentos. Tres músicos, actores e cantantes son os encargados de guiarnos nesta viaxe creativa a través das estacións do ano que nos levan a crear unha adaptación do cadro de Joan Miró “Muller e paxaros na noite”.

Unha viaxe sensorial, onde as cores e a música son os protagonistas dunha relaxante experiencia creativa, cunha atmosfera acolledora onde os tres *pintamúsicos* nos transportarán ao xogo e á diversión.

Escoitar, mirar, tocar e crear...

### **Elenco**

Berta Ros, Héctor Canós, José Aladid, Lorena Liró

19

### **MAIO 5 e Acción- Etiqueta Negra**

**Actividade** TEATRO  
**Hora** 20.30h  
**Lugar** Sala Principal  
**Público** Todos os públicos  
**Prezo** Anticipada: € Billeteira: €  
**Duración** 100m  
**Entradas** [www.ataquilla.com](http://www.ataquilla.com), Sala de Exposicións Afundación e na billeteira do Auditorio dúas horas antes da función.

### **Sinopse**

A moza e inocente presentadora do Tempo dun telexornal de máxima audiencia, tamén é casualmente a amante do presidente da canle de televisión. Marisol (Marta Hazas), soña con converterse en actriz e Adolfo (Carlos Sobera) decide cumprir o soño da súa noiva, para iso contrata os servizos dun mediocre aspirante a director de cine (Javier Veiga). Adolfo está disposto a producir unha longametraxe con Marisol como protagonista.

### **Elenco**

Carlos Sobera, Marta Hazas, Javier Veiga, Marta Belenguer, Ana Rayo

20

MAIO

Lúa- Ghazafellos

<b>Actividade</b>	TEATRO
<b>Hora</b>	12h
<b>Lugar</b>	Sala Principal
<b>Público</b>	+ 5 anos
<b>Prezo</b>	Anticipada: 3€ Billeiteira: 4€
<b>Duración</b>	50m
<b>Entradas</b>	<a href="http://www.ataquilla.com">www.ataquilla.com</a> , Sala de Exposicións Afundación e na billeiteira do Auditorio dúas horas antes da función.

### Sinopse

Na terra algo acontece; hai moito ruído... berros... enfados... a Lúa está preocupada porque con tanto ruído as estrelas asústanse e non queren achegarse... Así que decide baixar á terra e saber o porqué de tanto barullo...

Lúa trata, nunha analoxía entre o fantástico e o máxico, da relación que temos as persoas no noso mundo que nos leva a non entendernos e provocar medos e violencia. Da man dunha nena chamada Lúa, percorreremos o mundo da xente adulta cos ollos da infancia.

### Elenco

Jorge Casas, Montse Piñón, Pepablo Patinho

## XUÑO

1

XUÑO

Letras e notas- Magín Blanco

<b>Actividade</b>	MÚSICA PARA BEBÉS
<b>Hora</b>	18h, 19h
<b>Lugar</b>	Sala Apego
<b>Público</b>	ata 5 anos
<b>Prezo</b>	Anticipada: 3€ Billeiteira: 4€ Gratuíto para bebés
<b>Duración</b>	45m
<b>Entradas</b>	<a href="http://www.ataquilla.com">www.ataquilla.com</a> , Sala de Exposicións Afundación e na billeiteira do Auditorio dúas horas antes da función.

### Sinopse

Magín Blanco con María Faltri, presentan o seu espectáculo Letras e notas que vén cargado de música e de contos. O creador de *A nena e o grilo* ou outras composición que forman parte de edicións como *María Fumaça* ou *Rosalía Pequeniña* tráenos un contacontos musicado, onde o protagonista axudará os nenos e nenas a estimular a súa creatividade e curiosidade polas letras e palabras e en definitiva, pola lingua.

### Elenco

Magín Blanco e María Faltri

1

XUÑO

Somos criminais. Carlos Blanco e Xosé A. Touriñán

<b>Actividade</b>	HUMOR
<b>Hora</b>	20,30h
<b>Lugar</b>	Sala Principal
<b>Público</b>	+ 14 anos

**Prezo** a partir de 10€

**Duración** 75m

**Entradas** [www.ataquilla.com](http://www.ataquilla.com), Sala de Exposicións Afundación e na billeteira do Auditorio dúas horas antes da función

### **Sinopse**

Temos unha cultura criminal propia? Delinquimos como galegos? Para responder a estas preguntas, Carlos Blanco e Touriñán analizan e dramatizan crimes autóctonos en todas as súas variables, desde o crime por arroutada ata o crime por acumulación de mala hostia, pasando polo crime familiar por causa das herdanzas, o asasinato por suxestión ou as orixes do narcotraficante galego. A conclusión é clara: Somos Criminais.

### **Elenco**

Carlos Blanco e Xosé A. Touriñán

Autor do texto: Xosé Prieto